



Sr. Conselleiro.  
Consellería do Medio Rural.  
Santiago de Compostela.

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA	
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Delegación Provincial de OURENSE	
Data	15 MAI. 2008
N.º ENTRADA	N.º SAÍDA

**Asunto:** Borrador Lei de Montes de Galicia de 31 de marzo de 2008.

En xeral constátase que o borrador contén unha lei, que polo menos:

- Necesita unha “Exposición de motivos”, onde describa a realidade rural galega, nun territorio sen ordenación, con poucos recursos humanos, xa que perde poboación e a que tén presenta un alto grao de envellecemento e unha baixa demografía; cunhas institucións locais maioritariamente inoperantes. A máis cómpre a identificación dos problemas, históricos, estruturais e medioambientais do monte galego, e a recollida das experiencias doutras políticas, estatais, europeas e mundiais. Cómpre tamen suliñar a necesaria coordinación con outras actuacións e consellerías. O borrador segue a liña burocrática clásica e prima a transformación da superficie forestal noutras, como a agraria, máis de acordo coas intencións do executivo.
- Esquece a secuencia lóxica da lei española, Estratexia Forestal > Plan Forestal > Lei de Montes, realizada con ampla participación social o longo de 7 anos e o consenso final conseguido.
- Confunde coas definicións e competencias; unha das máis afectadas e o básico “Concepto de monte”, no art. 5, do que desaparece o 5.1c) da Lei de Montes 43/2003, que é unha lei marco, e o 5.1e) da Lei 10/2006, que modifica a anterior, sempre en beneficio da superficie agraria.
- Interven e regula, con máis ou menos acerto, no ámbito particular, pero non o incentiva, nin concreta as obrigas da Consellería do Medio Rural.
- Resulta escasamente sustentable e non relaciona a destrución dos bosques e a conservación da superficie forestal en xeral, co cambio climático, que parece non existir para a lei.
- Resulta escasamente participativa, xa que a Consellería do Medio Rural non ten presente que nesta lei e noutras, non só contan o seus tempos de actuación e os seus intereses, senon tamen os da cidadanía galega adicada a outros menesteres e consequentemente con menos capacidade de reacción. Polo tanto a Consellería ten que fuxir de urxencias artificiais e propiciar o dialogo sosegado ata chegar ó necesario consenso.



En consecuencia:

- Tendo en conta o amplo rexeitamento social xenerado por unha lei que se define “para Galicia”.
- Tendo en conta que pola súa importancia ten que ser forzosamente consensuada xa que vai máis aló dun determinado momento político.

A Sociedade Galega de Historia Natural – Ourense,

## Solicitalle

1. A redacción dun novo borrador que recolla as modificacións plantexadas a este, no período que Consellería do Medio Rural tivo a ben conceder, ou explique o seu rexeitamento, como demostración da vontade de diálogo e de que os cidadáns non estamos perdendo o tempo.
2. A máis ampla discusión pública do novo borrador.

O que lle comunico por acordo de 13 de maio de 2008.

Ourense, 16 de maio de 2008



Secretario

Marcos Freán Hernández

Visto e Prace O Delegado

Antonio Villarino Gómez